

ACTIVIDADE SENDEIRISMO SEMANA SANTA.

AS MERINDADES, BURGOS.

Datas: do 6 ao 9 de abril

Lugar: Soncillo, As Merindades, Burgos

Saída: día 6, xoves, ás **07:00**, diante da piscina universitaria

Regreso: día 9, domingo, ás 21:00 aprox.

Aloxamento: Estaremos aloxados en Soncillo, no hotel El Capricho de Clemente, en réxime de media pensión polo que hai que levar a comida para as rutas.

CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA:

Imos facer unha actividade de **sendeirismo** durante varios días así que é importante estar acostumado a camiñar.

As rutas en xeral son de dificultade media, aínda así hai que ter un bo estado de forma e estar habituado á práctica do sendeirismo.

É preciso levar calzado axeitado para a actividade e que estea en boas condicións, así como **vestimenta axeitada** para facer a actividade.

A orde en que realizaremos as rutas dependerá das **previsións meteorolóxicas** xa que algunha das rutas, baixo condicións meteorolóxicas adversas, pode ser complicada.

Non é obrigatorio facer tódalas rutas, podedes quedar descansando no hotel algún día, ou facer outra cousa, pero será baixo a vosa responsabilidade.

A programación pode sufrir **cambios** ou variacións.

No hotel estaremos en réxime de media pensión, así que tendes que levar a **comida para as rutas**.

En todo momento debemos seguir de xeito estrito as **indicacións** dos monitores. Durante as rutas, o guía que vaia diante será o que marque o ritmo e o grupo ten que ir detrás.

É aconsellable (non imprescindible) levar o bastón (ou bastóns) de sendeirismo

As actividades que faremos:

1. Ruta por Puente dey.

Lonxitude: 10 km


Desnivel: medio

Dificultade: baixa/media

Logo de facer a viaxe dende Santiago ata Puente dey, localidade próxima a Soncillo, comenzaremos a nosa primeira ruta. É un percorrido circular que comeza e remata en Puente dey, fermosa pedanía da Merindad de Valdeporres. Ao comezo son algo máis de dous quilómetros e medio de constante subida por zonas de aciñeiras ata chegar á serra de El Rojo. Neste punto poderemos gozar dunhas estupendas vistas da contorna de Puente dey. Logo de pasar unha zona de pasteiros, a ruta nos leva por un precioso bosque ata o lugar de Leva, un pobo con interesantes mostras de arquitectura civil e relixiosa. Dende aquí por unha pequena estrada, e durante algo máis de quilómetro e medio, empatamos co último treito do sendeiro Camino de los Sentidos (GR 85), antes de chegar a Puente dey. Ao rematar haberá tempo para dar un paseo polo pobo e ver a fermosura das súas construcións.

MIDE. Ruta por Puente dey

Horario:	3,35 h	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	475m	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	475m	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	10,3 km	Cantidade de esforzo necesario:	3
Tipo de percorrido:	Circular		



2. Senda do Faial de Quintanilla e Fonte Ulemas.

Lonxitude: 11,2 km

Desnivel: medio


Dificultade: media

Imos ata Quintanilla del Rebollar a facer un dos numerosos percorridos sinalizados que hai pola zona: a senda do Faial de Quintanilla e Fonte Ulemas. A ruta comeza e remata na Casa do Parque do Monumento Natural Ojo Guareña, a cal aproveitaremos para visitar (ten un custe de 1 € que debe pagar alí cada un) . A ruta comeza subindo, entre zonas de bosque e pasteiros ata a zona de Pedrosío. Aquí podemos gozar dunhas vistas abraiantes de toda esta zona das Merindades. Máis adiante o camiño intérnase no bosque pasando por zonas de carballos e outras de faias. Logo, entre bosques e plantacións de piñeiros facemos o descenso que nos leva novamente ata Quintanilla. A ruta non ten complicacións salvo o desnivel e un tramo de forte pendente na zona de Pedrosío.



Ao rematar a ruta desprazáremos ata Espinosa de los Monteros, onde haberá un tempo para que podades ver o pobo, que é un dos máis representativos das Merindades

MIDE. Faial de Quintanilla e Fonte Ulemas

<u>Horario:</u>	3,45h	<u>Severidade do Medio Natural:</u>	3
<u>Desnivel de subida:</u>	442m.	<u>Orientación no Itinerario:</u>	2
<u>Desnivel de baixada:</u>	442m.	<u>Dificultade do desprazamento:</u>	2
<u>Distancia horizontal:</u>	11,2 km	<u>Cantidade de esforzo necesario:</u>	3
<u>Tipo de percorrido:</u>	Circular		



**Información Xeográfica
Propiedade do Instituto
Xeográfico Nacional**



3. Ruta no Monumento Natural Ojo Guareña

Lonxitude: 15 km


Desnivel: medio-alto

Dificultade: media


Nesta xornada nos desprazamos ata o Alto de La Concha, preto de Quisiciedo. Neste punto comezamos un percorrido circular que nos leva ata El Ventanón, unha impresionante formación rochosa (caliza). A ruta vai por zonas de aciñeiras cunha fermosa paisaxe. Ao chegar a El Ventanón cambiamos de rumbo e imos ata a localidade de Villamartín, fermoso pobo con numerosas casas ben conservadas. Dende aquí regresamos a o Alto de la Concha. Antes de continuar a ruta faremos unha parada para visitar a Cova Ermida de San Bernabé. É unha visita guiada duns 45 minutos de duración. (ten un custe de 4,5 € que debe pagar alí cada un). Logo da visita continuamos o percorrido ata Quisiciedo, xa en descenso e Quintanilla de Sotoscueva, onde nos recolle o bus. Esta ruta, a máis longa das que faremos ten un alto interese natural principalmente polas formacións rochosas que imos ver, así como pola súa paisaxe.

MIDE. Ruta polo Monumento Natural Ojo Guareña

Horario:	5,40h	Severidade do Medio Natural:	3
Desnivel de subida:	530	Orientación no Itinerario:	2
Desnivel de baixada:	560	Dificultade do desprazamento:	2
Distancia horizontal:	18km	Cantidade de esforzo necesario:	3
Tipo de percorrido:	Travesía.		



Información Xeográfica
Propiedade do Instituto
Xeográfico Nacional



4. Ruta por Sencillo

Lonxitude: 9,3 km

Desnivel: baixo/medio

Dificultade: media

No ultimo día, logo de recoller todo no hotel e antes de comenzar a viaxe de volta faremos unha ruta dende Sencillo. O percorrido comeza en Sencillo e nos leva ata o lugar de Villabáscones de Bezana. É unha ruta lineal con algún tramo circular. Pasa por lugares moi fermosos como o pequeno canón do río Saúl, a fervenza das Pisas no mesmo río, bosques de faias, abeleiras... É un percorrido moi bonito e agradable, sen grandes complicacións salvo o acceso á fervenza que ten certo desnivel.

MIDE. Ruta por Sencillo

<u>Horario:</u>	3 h	<u>Severidade do Medio Natural:</u>	3
<u>Desnivel de subida:</u>	366m	<u>Orientación no Itinerario:</u>	2
<u>Desnivel de baixada:</u>	366m	<u>Dificultade do desprazamento:</u>	2
<u>Distancia horizontal:</u>	9,3 km	<u>Cantidade de esforzo necesario:</u>	3
<u>Tipo de percorrido:</u>	Circular.		

